



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número **58** /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE REMO PARA A ORGANIZACIÓN, REGULAMENTACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Na Coruña, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada por Don ANTONIO LEIRA PIÑEIRO, deputado delegado de Deportes e Mocidade, en virtude da resolución de presidencia número 29343, do 27 de xullo de 2023, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, asistido polo Secretario xeral, Don MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, doutra parte, a FEDERACIÓN GALEGA DE REMO, con NIF G15117385 representada polo seu Presidente, Don JOSÉ LUIS MÉNDEZ GONZÁLEZ, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica.

As partes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no seu artigo 118 inclúe entre as competencias das deputacións provinciais a de *“rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o seu fomento, e, en especial, os seguintes:*

(...)

d) *Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte”.*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece no artigo 36.1.d) como competencia propia das deputacións provinciais *“a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”.*

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, define no seu artigo 47.1 o convenio no ámbito administrativo como *“os acordos con efectos xurídicos adoptados polas*



administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para unha finalidade común”.

Sen prexuízo da mencionada finalidade de interese común que perseguen os convenios (artigo 47.1 da Lei 40/2015), a citada norma prevé tamén no seu artigo 48.3 que a súa subscrición “deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira”.

SEGUNDO.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, establece que as deputacións provinciais, nos termos que dispón a presente lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte.
2. Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada de estas.
3. Asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.
- .../...
6. Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal o provincial.

TERCEIRO.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que as federacións deportivas galegas, ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exercen determinadas funcións públicas delegadas nos termos previstos na propia lei.

Así, o artigo 51 establece que as federacións deportivas galegas actuarán, no exercicio das funcións públicas delegadas, como axentes colaboradores da Administración pública baixo a súa tutela e coordinación.

Do mesmo xeito, o citado artigo dispón que as federacións deportivas galegas terán a consideración de entidades de utilidade pública, cos efectos previstos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Pola súa parte, o artigo 56 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula as funcións das federacións deportivas galegas e establece, entre outras, as seguintes funcións propias:

(...)

b) Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades deportivas.

d) No seu caso, e de conformidade coa normativa que lles sexa aplicable, colaborar e/ou organizar competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.

(...)

Así mesmo, o citado artigo 56 establece como funcións públicas delegadas, exercidas en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, entre outras, as seguintes:

(...)



- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na presente lei.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola presente lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte.
- i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

Finalmente, o artigo 56.5 establece que as federacións deportivas galegas exercerán as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por substitución, salvo autorización da administración deportiva competente.

CUARTO.

O presente convenio de colaboración ten finalidade cooperativa e cumpre estritamente as condicións previstas no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que queda excluído do ámbito de aplicación da citada lexislación contractual.

QUINTO.

Tendo en conta a finalidade común das partes, orientada á utilización conxunta de medios e recursos para contribuír á realización de actividades que satisfagan o interese público xeral de promover a actividade física e o deporte entre a poboación, especialmente no ámbito do deporte base, sendo competencia da Deputación da Coruña o fomento, promoción e difusión do deporte, e dispoñendo a FEDERACIÓN GALEGA DE REMO da estrutura técnica, regulamentaria e organizativa especializada necesaria para garantir o correcto desenvolvemento técnico-deportivo da BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, considérase procedente establecer un marco de colaboración entre ambas as dúas entidades que regule as actuacións necesarias para o desenvolvemento da citada competición deportiva.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **resolución de presidencia número 26771 de data 11 de xuño de 2026.**

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE REMO para o desenvolvemento da organización técnico-deportiva, regulamentación e control técnico da seguinte competición deportiva promovida pola Deputación da Coruña:

- BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Segunda. Obrigas da Deputación:

A Deputación da Coruña, a través do Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade e da súa Sección de Deportes e Mocidade, asumirá as seguintes actuacións:

- Impulsar, promover e coordinar institucionalmente as actividades deportivas obxecto do presente convenio, en colaboración coa correspondente federación deportiva e coas restantes entidades públicas ou privadas participantes.



- Aprobar as bases reguladoras, normas de participación e orzamento das actividades deportivas promovidas pola Deputación da Coruña, sen prexuízo das competencias da Federación en materia de regulamento técnico federativo, calendario oficial, licenzas, arbitraje, control técnico, clasificación e disciplina deportiva.
- Aprobar as sedes, espazos e datas de desenvolvemento das actividades deportivas, así como autorizar, se é o caso, as modificacións posteriores que resulten necesarias.
- Desenvolver a difusión, promoción e publicidade institucional das actividades obxecto do convenio a través dos medios e canles que se consideren oportunos.
- Tramitar os expedientes administrativos, económicos e orzamentarios necesarios para o desenvolvemento das actividades incluídas no presente convenio.
- Cumprir coas obrigas derivadas da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), nos termos previstos na normativa vixente, no relativo aos premios económicos ou actuacións que así o requiran.
- Tramitar e aboar, cando corresponda, os premios económicos previstos nas bases reguladoras das actividades deportivas.
- Financiar as actuacións e prestacións asumidas pola correspondente federación deportiva no marco do presente convenio, así como aquelas prestacións complementarias de carácter técnico, sanitario, loxístico, institucional ou publicitario necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- Tramitar, cando corresponda, os expedientes de contratación administrativa necesarios para a prestación dos servizos e subministracións complementarias vinculadas ao desenvolvemento das actividades deportivas.
- Subministrar, cando corresponda, os elementos institucionais e protocolarios vinculados ás actividades deportivas promovidas pola Deputación da Coruña.
- Verificar a existencia de seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- Coordinar institucionalmente a participación da Deputación da Coruña nos actos públicos, institucionais e protocolarios vinculados ás actividades obxecto do presente convenio.

Terceira. Obrigas da FEDERACIÓN GALEGA DE REMO:

- Nomear unha persoa que actuará como interlocutora coa Deputación da Coruña e coas restantes entidades públicas ou privadas participantes no desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio.
- Desenvolver a dirección técnica e coordinación deportiva integral da competición conforme á normativa federativa aplicable.
- Realizar o control técnico e arbitral da proba a través do Comité Galego de Xuíces-Árbitros ou órgano equivalente.
- Xestionar as inscricións formulando un procedemento de inscrición aberto con verificación da idoneidade e cumprimento de requisitos das persoas solicitantes que recolla a aceptación das normas reguladoras a non existencia de ningún impedimento deportivo ou legal para participar e a normativa de protección de datos persoais.
- Emitir as certificacións de participantes (persoas, clubs) nos que conste a clasificación final obtida en cada proba e envialos á deputación nun prazo máximo de 3 días unha vez rematadas as probas.
- Elaborar e aplicar o regulamento técnico da competición conforme á normativa deportiva vixente.
- Verificar os requisitos deportivos e licenzas federativas das persoas participantes.
- Coordinar a reunión técnica de delegadas e delegados dos clubs participantes.
- Realizar os controis regulamentarios de pesaxe.
- Disposición dos medios materiais especializados necesarios para o control técnico da competición.
- Coordinación do operativo de seguridade deportiva da competición.
- Verificación do cumprimento das condicións de seguridade e asistencia sanitaria.
- Incluír as probas no calendario oficial e acreditar o cumprimento desta obriga.
- Elaboración e aplicación do protocolo de actuación e evacuación en caso de accidente.
- Acreditar seguro de accidentes das persoas participantes.
- Acreditar a existencia, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de



espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, dun seguro de responsabilidade civil para dar cobertura, dende o inicio da proba ata o remate da mesma, á responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente ás persoas organizadoras da actividade, en canto aos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e os seus bens, sempre que os devanditos danos e prexuízos sexan producidos como consecuencia da xestión, control técnico e realización da actividade, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas, e no art. 8 do Decreto 226/2022 polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas, determinando a previsión de asistencia.

- Prohibición de cobrar importe algún aos participantes, debendo acreditar esta circunstancia na xustificación.
- Distribución axudas de custe para facilitar a participación e desprazamento dos clubs mediante transferencia bancaria co concepto “Axuda da Deputación da Coruña por participación na Bandeira Deputación da Coruña de Bateis”.
- Confeccionar e dispor das bandeiras galardón a entregar aos equipos gañadores.
- Solicitar, no caso de imprevistos ou causas de forza maior, e con anterioridade á data da celebración de cada proba, a suspensión ou modificación da mesma acompañada da xustificación correspondente e proposta de nova data que deberá ser autorizada pola Deputación. Aprobar e actualizar o calendario oficial coa nova data cando corresponda.
- Publicar e actualizar de forma clara, visible e ordenada na páxina web e nas diferentes redes sociais da FEDERACIÓN GALEGA DE REMO toda a información relativa a BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- Incluír calquera material publicitario no evento que sexa facilitado pola Deputación da Coruña, sendo a Federación Galega de Remo a encargada de recoller o material no lugar indicado e montar e desmontar dito material subministrado pola Deputación (lonas, pancartas, fly banner, etc.)
- Incluír o logotipo oficial da Deputación Provincial de Coruña de aprobación definitiva na modificación do Regulamento de actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña, anexo II BOP, 21 de setembro de 2020 https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/09/21/2020_0000006543.pdf. Manual e imaxe descargable dende <https://www.dacoruna.gal/deportes/imaxe-corporativa/o-deporte-fainos-grandes/> xunto co lema “O Deporte fainos grandes”, actos públicos de difusión e promoción do evento, posts realizados en redes sociais, cartaces e calquera outro soporte de difusión
- Participar na organización da entrega de premios/trofeos/medallas ás persoas e/ou equipos de gañadores, ou á participantes en xeral.
- Xestionar a actividade de forma que se minimize a pegada e impacto que a actividade poida xerar, na procura dun evento sostible medioambientalmente.
- Garantir un uso non sexista da imaxe das persoas e da linguaxe nos contidos publicados.
- Impulsar accións en favor da igualdade e inclusión social no deporte.
- Impulsar accións de prevención e loita en relación á violencia, racismo, xenofobia e a intolerancia no deporte, establecendo as medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia contra as persoas participantes e espectadoras.
- Establecer as medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia dos participantes e persoas espectadoras.
- Cumprir todos os requisitos de seguridade esixidos na normativa vixente, para a celebración da BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Cuarta. Financiamento

Serán susceptibles de ser financiados ao amparo do presente convenio os gastos por traballos previos e os traballos que sexan necesarios para completar a organización, regulamentación e control técnico da BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.



Os gastos derivados da execución do presente convenio, no que atinxe as actuacións a desenvolver pola **FEDERACIÓN GALEGA DE REMO**, ascenden a un total de **37.299,00 €** que serán aboados pola Deputación da Coruña ao completar as accións previstas no mesmo, previa presentación da xustificación de gastos correspondente unha vez finalizada a última delas.

Concepto	Base imponible	IVE	IMPORTE TOTAL
Dereitos de arbitrase	1.000,00 €	*exento de IVE*	1.000,00 €
Axudas de custo aos equipos participantes	34.000 €		34.000,00 €
Bandeiras	1.900,00 €	399,00 €	2.299,00 €
TOTAL			37.299,00 €

*Determinadas operacións relativas a actividades deportivas e culturais supoñen unha exención do IVE (artigo 20 da lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido). Estas exencións se regulan nos ordinais 13.º, 14.º e 26.º do apartado un do artigo 20 da lei do IVE. Os servizos prestados a persoas físicas que practiquen deporte ou educación física, calquera que sexa a persoa ou entidade a cuxo cargo se realice esa prestación, sempre que se presten por Entidades de dereito público, Federacións Deportivas, Comité Olímpico Español, Comité Paralímpico Español ou Entidades ou establecementos deportivos privados de carácter social.

O importe do financiamento provincial deste convenio farase efectivo con cargo á **aplicación orzamentaria 0612.3411.22609** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.

O importe total de **37.299€** terá carácter anual para cada exercicio, sen prexuízo da súa revisión pola Comisión de Seguimento conforme ao previsto no propio convenio.

Quinta.- Pagos

Os importes dos gastos correspondentes aboaranse, unha vez asinado o presente convenio, ao completar cada Bandeira, previa presentación da xustificación de gastos correspondente nun prazo de 3 meses dende a data de finalización da BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA e sempre dentro do **prazo de vixencia** establecido.

A FEDERACIÓN GALEGA DE REMO autoriza á Deputación da Coruña para que solicite e obteña da Axencia Estatal Tributaria, da Tesourería Xeral de Seguridade Social e da propia Deputación da Coruña os datos da dita entidade relativos ao cumprimento das obrigas tributarias ou ben achegará as correspondentes certificacións coas xustificacións de gastos correspondentes a cada unha das probas ou coa xustificación completa do gasto executadas todas as probas conveniadas.

Para que o aboamento poida ser financiado ata o importe máximo, os gastos xustificadas deberán acadar, como mínimo o dito importe. No caso de que a contía dos gastos xustificadas fose inferior, a cantidade a percibir quedará reducida, aboándose o importe correspondente ao gasto efectivamente xustificado.

O pago efectuarase mediante transferencia bancaria á conta da FEDERACIÓN GALEGA DE REMO que esta determine ou figure actualizada nos rexistros da Deputación da Coruña.

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN GALEGA DE REMO unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBtel) a seguinte documentación:

- Memoria da/s actuación/s executada/s, subscrita polo representante legal da Federación Galega de Remo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa



indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

- Xustificación dos gastos realizados, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula cuarta do presente Convenio para o caso de que se produzan.
- Así mesmo, deberá achegarse os documentos bancarios xustificativos do pago das "axudas de custo" aos equipos participantes, así como os xustificantes do abono das cantidades correspondentes ao Comité de xuíces e arbitraje.

A Deputación da Coruña, previa tramitación do expediente correspondente, no que se dará audiencia á entidade, acordará a perda do dereito da mesma a percibir o aboamento de gastos nos seguintes casos:

- a. Se a documentación xustificativa non se presenta no prazo previsto no presente convenio.
- b. Por incumprimento da obrigas de difusión
- c. Se os xustificantes e/ou acreditacións non se presentaran en debida forma e non se completasen ou emendasen os defectos ou omisións pola entidade e no prazo fixado no correspondente requirimento.
- d. Se non se xustifica ter executada a actividade na súa totalidade. Non obstante, si a actividade non fora executada na súa totalidade, pero si polo menos accións que se correspondan co 80% do orzamento da BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DE CORUÑA poderá solicitar que lle sexa aboada a porción proporcional do importe de realización da actividade acompañada da xustificación correspondente.
- e. Se a entidade incumprira as obrigas que lle corresponden conforme ao presente convenio ou se producira unha alteración das circunstancias tidas en conta para a sinatura do presente convenio.

Sexta. Comprobacións

A FEDERACIÓN GALEGA DE REMO deberá someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano competente ou entidade colaboradora no seu caso, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, proporcionando canta información lle sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.

Sen prexuízo da comprobación documental da acreditación e xustificación da execución da proba BANDEIRA DE BATEIS DA DEPUTACIÓN DE CORUÑA, esta poderá realizar cantas actuacións materiais e formais estime convenientes para a comprobación da axeitada xustificación, a realización do seu obxecto e o cumprimento das condicións a que estean suxeitas as mesmas. Ditas actuacións de comprobación serán realizadas mediante o procedemento de control financeiro exercido pola Intervención Xeral ao través do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro desta Deputación.

Sétima. Protección de datos persoais

En cumprimento do previsto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP) e na lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE REMO actuarán ambos como responsables do tratamento dos datos deste convenio, cada un nas súas funcións respectivas.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir co disposto no Real Decreto Lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións.



Oitava. Seguimento.

Crearase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvolvidas ao amparo do presente Convenio, que estará constituída por:

- Unha persoa representante da Deputación Provincial da Coruña
- Unha persoa representante do Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade, sección de Deportes e Mocidade
- Una persoa representante da FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

A Comisión reunirse sempre que sexa necesario para o seguimento do convenio.

Esta Comisión será a encargada de resolver cantas cuestións poidan formularse durante a vixencia do mesmo, derivadas de posibles discrepancias en canto a súa execución ou interpretación dos acordos.

Así mesmo, poderán asistir cantas persoas se consideren necesarias en función do asunto a tratar en cada sesión.

Os acordos da Comisión adoptaranse co voto favorable da maioría dos seus membros.

O réxime de funcionamento da Comisión será o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena. Modificación e denuncia

O convenio poderá ser obxecto de modificación ou denuncia ao longo da súa vixencia, por acordo unánime das partes asinantes, calquera das partes poderá denunciálo ao través de comunicación á outra parte con polo menos 2 meses de antelación á data na que esta prevista finalización da execución das actuacións, previa tramitación preceptiva e informe favorable dos órganos competentes da Deputación da Coruña.

En ambos os dous casos, modificación ou denuncia, deberán finalizarse tarefas iniciadas.

Décima. Publicidade

Na publicidade que calquera das partes asinantes realice das actuacións derivadas do presente convenio (publicacións, carteis, etc.), farase constar expresamente que estas se levan a cabo en virtude de este convenio, coordinando co servizo que corresponda da Deputación da Coruña as demais accións de información que se acorden polas partes.

Décimo primeira. Vixencia

A vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

O convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso das partes por un máximo de dúas prórrogas adicionais dun ano cada unha, para o desenvolvemento da organización técnico-deportiva, regulamentación e control técnico de Bandeiras de convocatorias posteriores, sen que a duración total do convenio, incluídas as prórrogas, poida exceder do prazo máximo previsto na normativa vixente.

Con carácter anual, a comisión de seguimento reunirse co obxecto de avaliar o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio e, de ser necesario, actualizar a distribución e previsión dos gastos asociados ás actividades obxecto do mesmo, sen prexuízo da tramitación das modificacións que resulten procedentes conforme á normativa aplicable.



Décimo segunda. Extinción e resolución

Ademais de polo cumprimento das actuacións que constituíren o seu obxecto, o convenio extinguirase por calquera das seguintes causas de resolución:

- O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes asinantes.

En este caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Si transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A finalización ou resolución do convenio dará lugar á liquidación de este, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A extinción do convenio suporá o cese das actividades contidas no mesmo.

Décimo Terceira. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio está suxeito ás normas de dereito público que regulan o deporte e aos convenios e a actuación administrativa xeral das entidades locais. En particular, á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; a Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte e os artigos 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 48 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 86 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 111 do Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local (RD Lexislativo 781/1986) e a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Real decreto 1835/1991 de Federaci3ns Deportivas Espa3olas e a Orde EFD/42/2024, pola que se regulan os procesos electorais das Federaci3ns, as distintas regulaci3ns lexislativas vinculadas ao control da sa3de no deporte, a lexislaci3n referente á loita contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte e a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres y homes.

Así mesmo, pola s3a natureza, o presente convenio at3pase excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector P3blico, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico espa3ol, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao amparo do disposto no seu artigo 6.2.

Non obstante, serán aplicables ao convenio os principios da citada Lei de Contratos do Sector P3blico para resolver ás d3bidas ou lagoas que puideran presentarse.

Para a resoluci3n de cantas controversias se poidan suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretaci3n, modificaci3n resoluci3n ou cumprimento do aqu3 convido, establ3cese o



sometemento expreso á xurisdición contencioso-administrativa, dada a súa natureza administrativa.

E en proba de conformidade con todo canto antecede, subscribítese o presente convenio que firman as partes na data da sinatura electrónica.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente

**O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DA
FEDERACIÓN GALEGA DE REMO**

Asdo. Antonio Leira Piñeiro

Asdo. José Luis Méndez González

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Miguel Iglesias Martínez